



**BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN PLURIANUAL DOS GRUPOS,
UNIDADES E INVESTIGADORES/AS DO CATÁLOGO DA UDC E
CONVOCATORIA DE AVALIACIÓN PARA O ANO 2018**

(Aprobadas pola Comisión de Investigación na súa sesión do 14 de maio de 2018)

A UDC, no seu obxectivo de incentivar aos seus investigadores/as, unidades e grupos de investigación, para que persigan cada vez cotas máis altas de excelencia científica, e dotalos dun axeitado financiamento basal, estableceu en 2012 un procedemento anual de avaliación pola *Agencia Nacional de Evaluación y Prospectiva* (ANEP) da actividade investigadora desenvolvida nos últimos cinco anos, polos grupos e unidades de investigación e os/as investigadores/as do catálogo da UDC.

Así, para impulsar, xeneralizar e facer sistemático e periódico este proceso de avaliación externa, publícanse agora estas bases que conteñen ademais a convocatoria de 2018 de avaliación pola *Subdivisión de Coordinación y Evaluación* (extinta ANEP), encadrada na *Agencia Estatal de Investigación*.

BASES

Primeira: *Obxectivo das Convocatorias e financiamento asociado*

1.1. O obxectivo xeral das sucesivas convocatorias de avaliación de grupos, unidades e investigadores/as é levar a cabo unha avaliación externa da actividade investigadora que se realizou na UDC nos cinco anos anteriores á convocatoria, e coñecer o grao de calidade e impacto do persoal investigador, en relación co do seu ámbito científico ou tecnolóxico, tanto nacional como internacional.

1.2. Os resultados desta avaliación serán a base do financiamento que recibirán os grupos, unidades e investigadores/as durante os tres anos posteriores ao da avaliación. Así mesmo, estes resultados tamén poderán utilizarse para calquera outra convocatoria da UDC en que sexa necesaria a valoración da actividade de investigación dos solicitantes.

1.3. O tempo que ten que transcorrer entre dúas avaliacións dun mesmo grupo, unidade ou investigador/a é de tres anos. A única excepción a esta regra, como se explica no apartado de alegacións, é a posible "*reavaliación*", que se pode solicitar no ano seguinte ao de avaliación ordinaria. Nese caso, igualmente, o tempo que debe transcorrer desde esa reavaliación até unha próxima avaliación ordinaria será de tres anos. No apartado correspondente detallase este proceso.

1.4. Dado que a evolución natural dos grupos pode producir disgregacións e novos agrupamentos, é preciso regular o xeito en que os posibles cambios afectan ao financiamento que lle corresponda ás novas agrupacións. No apartado de financiamento explícase como se calculará o coeficiente base que se usará para os grupos, unidades e



investigadores/as individuais do catálogo. Nese apartado detállase así mesmo como se xestionarán, a efectos de financiamento, as posibles modificacións na estrutura dos grupos e unidades. Mais, en todo caso, un novo grupo ou unidade só se poderá someter a avaliación ordinaria cando polo menos o 50% dos seus membros non fosen aínda avaliados ou xa transcorresen tres anos dende a súa última avaliación. Así mesmo, un grupo, unidade ou investigador/a individual só se poderá someter a reavaliación cando exactamente ese mesmo grupo unidade ou investigador/a individual fora xa avaliado no ano anterior.

Segunda: *Presentación de solicitudes e prazo para o 2018*

2.1. A esta convocatoria de avaliación poden presentarse todos os grupos, unidades e investigadores/as individuais, inscritos no catálogo de investigación da UDC, que non se teñan presentado ás convocatorias anteriores, así como os que se presentaron a avaliación no ano 2015 e non solicitaron reavaliación o ano seguinte. Tamén poderán presentarse todos os que, tendo sido avaliados no 2017, desexen solicitar unha reavaliación, con independencia de que presentaran ou non alegacións á avaliación recibida en 2017.

2.2 As solicitudes, dirixidas ao Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, presentaranse a través da sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal>), usando o procedemento que se habilitará no catálogo de trámites de investigación. A solicitude será realizada polo/a coordinador/a do grupo/unidade, que deberá cumprimentar electrónicamente o formulario coa seguinte información:

1. Os membros do colectivo que se vaian someter á avaliación.
2. As áreas de coñecemento sobre as que se realizará a avaliación (primaria e secundaria).
3. Un arquivo PDF co historial do grupo/unidade referido aos últimos cinco anos, preferentemente xerado pola ferramenta SUXI-XC.
4. Un arquivo ZIP cos CV dos anteditos membros referidos aos últimos cinco anos, segundo o modelo de CV abreviado (CVA) ou extenso da *Secretaría de Estado de Investigación, Desarrollo e Innovación*, xerados preferentemente pola ferramenta SUXI-XC.
5. Opcionalmente, poderá anexarse un documento de recusación de avaliadores.

As persoas inscritas no catálogo como investigadores/as individuais cumprimentarán o correspondente formulario de solicitude a achegarán o seu CV do mesmo xeito e coas mesmas características. Os datos fornecidos polo formulario electrónico extraeranse directamente de SUXI-RC (nome do grupo, membros, etc.) polo que é preciso que estes datos estean actualizados no momento de realizar a solicitude na sede electrónica.

2.3 O arquivo referido no punto 3 do apartado 2.2, que contén o historial do colectivo (grupo/unidade) nos últimos cinco anos, haberá de levar o nome

"historial_grupo_acrónimo" (a palabra acrónimo debe substituírse polo acrónimo do grupo/unidade).

2.4 Os CV dos/das investigadores/as que se sometan a avaliación, incluídos no arquivo referido no punto 4 do apartado 2.2, deberán presentarse en arquivos separados, identificados cos seus nomes e apelidos, e todos eles incluídos nun único arquivo ZIP.

2.5 Aquelas unidades, grupos ou investigadores/as individuais que desexen manifestar o posible conflito de intereses dalgúns posibles avaliadores externos concretos, deberán xustificalo razoadamente. Con tal fin poderán anexar á solicitude o arquivo referido no punto 5 do apartado 2.2, chamado "RECUSACION_acrónimo" do grupo ou unidade ou "RECUSACION_nome" do/da investigador/a individual, que conterá un informe breve e claro onde se indiquen os posibles avaliadores externos con respecto aos cales desexan manifestar a súa recusación, expoñendo razoadamente a xustificación da mesma. A comisión de investigación valorará o informe de recusacións e lle dará, de así o decidir, curso á ANEP.

2.6 No caso de unidades e grupos, tan só se poden someter a avaliación os currículos dos membros do colectivo que, á data de inicio do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria, estean nunha das categorías seguintes: a) PDI da UDC; b) contratados posdoutorais dos programas de recursos humanos internacionais, estatais, autonómicos e propios da UDC, como os *Marie Curie*, *Ramón y Cajal*, *Juan de la Cierva*, apoio á etapa de formación posdoutoral Xunta, InTalent e outros equivalentes, obtidos mediante convocatorias públicas; c) contratados predoutorais de FPI, FPU, de programas autonómicos ou propios da UDC; d) contratados para realizar tarefas de investigación con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC; e) profesorado emérito e honorario da UDC. Quedan excluídas, por tanto, o resto das persoas contratadas con cargo a proxectos, as beneficiarias de convocatorias de contratación de tecnólogos e os colaboradores externos do colectivo.

2.7 O prazo de presentación de solicitudes para a convocatoria de 2018 **abrírase ás 10h do día 5 de xuño e pecharase ás 14h do 4 de xullo de 2018.**

2.8 No prazo máximo de 15 días a partir da data de finalización da presentación de solicitudes, o Servizo de Investigación publicará no taboleiro electrónico da sede electrónica a listaxe dos grupos/unidades e investigadores/as que teñan completa a súa documentación, e abrirá un prazo doutros 10 días para que se poidan emendar os erros e/ou completar a documentación.

2.9 As unidades, grupos e investigadores/as individuais que non foran avaliados pola ANEP nas convocatorias anteriores e que non se sometan a avaliación en 2018, renuncian a calquera financiamento para a actividade investigadora por parte da UDC ate que sexan avaliados.

Terceira: *Proceso de avaliación*

3.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Investigación enviará á ANEP todas as solicitudes, que serán avaliadas segundo os criterios que se presentan nos Anexos I e II, respectivamente para colectivos e investigadores/as individuais. Estes anexos amosan os formularios de avaliación que usarán os/as avaliadores/as da ANEP, e se corresponden co formato dos informes finais que se recibirán unha vez avaliados. No propio informe aparecen os criterios de avaliación que se lles pide aos avaliadores/as que sigan. Para os efectos desta avaliación, un grupo/unidade está composto, tan só, polas persoas das que se achega o currículo, e non polo total de membros do colectivo que aparecen no catálogo da UDC.

3.2 Cada solicitude será avaliada independentemente por dous/dúas expertos/as de fóra de Galicia, que examinarán tanto o historial do colectivo como os currículos que se acheguen. En caso de que houbera discrepancia entre estas avaliacións, a ANEP encargará unha terceira avaliación independente antes de elaborar o informe final, que resumirá os informes realizados sobre o grupo polos dous ou tres avaliadores/as.

3.3 Agás a valoración global do grupo ou unidade, que se fará nunha escala de 0 a 50, todos os criterios de avaliación do grupo/unidade, así como os currículos dos seus membros e os de investigadores/as individuais, se valorarán nunha escala cualitativa de 5 tramos (A–E), definida nos anexos I e II. No caso de investigadores/as individuais, o informe constará dun parágrafo expoñendo as fortalezas e debilidades do investigador/a a modo de recomendacións para mellorar o seu CV, ademais dunha puntuación cualitativa na dita escala A–E.

Cuarta: *Alegacións e reavaliacións*

4.1 Unha vez recibido o informe de avaliación da ANEP abrírase un prazo de 15 días para que os grupos/unidades ou investigadores/as individuais poidan facer as alegacións oportunas. As alegacións especificaranse nun documento dirixido á ANEP, que lle será achegado ao Servizo de Investigación mediante entrada por rexistro oficial da UDC, podendo usar tanto o rexistro presencial como o electrónico. Cada grupo/unidade só poderá presentar un único escrito de alegación, que deberá ir asinado pola persoa que coordine o colectivo (asinado electronicamente no caso de usar o rexistro electrónico), e recollerá todas as desconformidades coas avaliacións recibidas de todos os membros do grupo ou unidade.

4.2 No escrito de alegación argumentaranse as razóns polas que se está en desacordo cos diferentes aspectos das avaliacións recibidas. O escrito de alegación debe detallar de xeito directo, sucinto e claro cada un dos elementos de valoración cos que se está en desacordo e as razóns dese desacordo en base aos méritos presentados na solicitude orixinal.



4.3 As alegacións recibidas serán reenviadas directamente a ANEP que procedera á súa valoración e elaboración dun informe de resposta para o que, de ser preciso, recorrerá a novos expertos que avalíen os méritos que se tiñan presentado inicialmente.

4.4 De persistir as discrepancias con respecto á resposta á alegación, o grupo, unidade ou investigador/a poderá presentarse a convocatoria do ano seguinte, para ser “reavaliado”. Nese proceso de reavaliación, que se rexerá por idénticas bases que o proceso de avaliación ordinaria, tamén se garante o dereito a presentar alegacións, mais o grupo/unidade ou investigador/a individual xa non se poderá reavaliar de novo ao ano seguinte.

4.5 A efectos de reavaliación, os grupos ou unidades non se poderán disgregar nin fusionar, non permitíndose en ningún caso a reavaliación de investigadores/as membros do grupo ou unidade de xeito individual.

Quinta: *Financiamento dos grupos, unidades e investigadores/as individuais*

5.1 No caso de grupos e unidades de investigación obtérase un coeficiente base multiplicando a puntuación final obtida polo colectivo pola suma dos coeficientes de ponderación de cada un dos membros avaliados, consonte á seguinte correspondencia: cualificacións A e B: 1; cualificación C: 0.85; cualificación D: 0.75; cualificación E: 0. Este coeficiente base resultante usarase na asignación do financiamento durante os tres anos seguintes ao da avaliación. No caso de que se decida someterse a reavaliación, o coeficiente da primeira avaliación utilizarase como base para o cálculo do financiamento do ano da reavaliación, e a puntuación obtida na reavaliación, sexa superior ou inferior, usarase para obter o coeficiente base para o cálculo do financiamento durante os tres anos seguintes.

5.2 No caso de investigadores/as individuais, a cualificación obtida dará lugar directamente ao coeficiente base para o cálculo do financiamento, segundo esta escala de correspondencias: A: 40 puntos, B: 30 puntos; C: 20 puntos; D: 10 puntos. A cualificación cualitativa de E non dará lugar a financiamento.

5.3 Anualmente os fondos que se dediquen a financiamento basal de grupos, unidades e investigadores/as repartiranse de xeito proporcional aos coeficientes base obtidos polos mesmos na última avaliación activa que teñan, entendendo por avaliación activa a última dispoñible que non teña mais de 3 anos de antigüidade.

5.4 Cando un membro dun grupo con cualificación superior a E marcha dun grupo ou unidade para converterse en investigador/a individual, unirse a outro grupo ou unidade, ou deixar o servizo activo na UDC, o coeficiente base dese grupo nos anos seguintes será a puntuación obtida polo grupo na súa última avaliación activa multiplicada pola suma dos coeficientes de ponderación dos membros que fiquen no grupo. Noutras palabras, o grupo terá un coeficiente menor como resultado da marcha de membros. A mesma regra será aplicábel á división dun grupo en dous ou mais grupos ou unidades: cada nova entidade terá

como coeficiente o resultado de multiplicar a puntuación obtida polo grupo orixinal na súa última avaliación activa pola suma dos coeficientes de ponderación dos membros que cada novo grupo ou unidade vaia a ter.

Doutra banda, un/unha investigador/a que marcha dun grupo para se converter en investigador/a individual obterá o financiamento que lle corresponde a un investigador/a individual que teña a súa mesma cualificación (entre A e D). Se ao saír dun grupo unha persoa, con cualificación entre A e D, intégrase noutro grupo ou unidade, ao ano seguinte o seu novo grupo ou unidade obterá como coeficiente base o resultado de multiplicar a puntuación do grupo na súa última avaliación activa pola suma dos coeficientes de ponderación incluíndo aos seus novos membros. Finalmente cando se cree un novo grupo ou unidade a partir de persoas que son investigadores/as individuais e/ou membros disgregados de diferentes grupos ou unidades, o coeficiente base da nova agrupación será a suma dos coeficientes base de cada un dos membros do novo grupo coa correspondencia sinalada no punto 5.2, entre a escala A-D de valoración individual dos/as investigadores/as e a escala de puntuacións. Cando se fusionen dous o máis grupos, o seu coeficiente base se calculará como está descrito no punto 5.1, tomando como puntuación do novo grupo a media ponderada das puntuacións de cada subgrupo que se fusiona, segundo os coeficientes de ponderación dos correspondentes subgrupos.

Sexta: Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das súas bases, sen prexuízo da posibilidade de interpor un recurso de alzada ante o reitor, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

A Coruña, a 28 de maio de 2018

Salvador Naya Fernández

Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia



ANEXO I

INFORME DE AVALIACIÓN DE GRUPOS E UNIDADES



FECHA

ÁREA:

Universidade da Coruña: Evaluación de Grupos de Investigación 2018

Referencia:

Código del colectivo en la UDC:

Acrónimo:

Nombre completo del grupo:

En cada uno de estos apartados se otorgará una calificación cualitativa **en relación a los últimos cinco años**, en función de los siguientes indicadores de mérito:

1. PRODUCTIVIDAD CIENTÍFICA: Se valorará la cantidad (en relación al tamaño del grupo) y calidad, de las publicaciones relevantes en el área científica de que se trate, con especial atención a la proyección internacional de las mismas. Las escalas de valoración son las siguientes:

- A: Número significativo de publicaciones internacionales indexadas, o citadas internacionalmente.
- B: Se publica bastante y existen obras del grupo bien conocidas en el estado.
- C: Hay abundantes publicaciones, pero de escaso impacto, o relativamente pocas, pero con cierto impacto.
- D: Número de publicaciones algo escaso, pero el grupo está empezando su andadura y tiene potencial para mejorar.
- E: Se reservará para grupos con investigadores de larga carrera profesional, pero con pocas publicaciones y sin impacto.

2. FINANCIACIÓN COMPETITIVA: Se valorará, teniendo siempre en consideración el tamaño del grupo y el área científico-tecnológica de la que se trate, la financiación conseguida en convocatorias públicas competitivas. Se valorará muy especialmente la financiación obtenida en convocatorias internacionales. **Sólo se tomarán en consideración los proyectos cuya ejecución conlleve gestión de fondos por la UDC (dirección, codirección o participación sustentada por convenio o acuerdo).** Las escalas son:

- A: Se ha conseguido la participación en al menos un proyecto internacional o la dirección de más de dos proyectos estatales competitivos.
- B: Más de dos proyectos competitivos, entre estatales y autonómicos, dirigidos o codirigidos por el grupo.
- C: Un proyecto competitivo nacional o autonómico dirigido por el grupo.
- D: El grupo está formado por investigadores/as jóvenes que sólo han participado en proyectos de otros grupos (IPs ajenos al grupo).
- E: A pesar de tener investigadores/as senior, apenas se lograron proyectos en convocatorias competitivas.

3. TRANSFERENCIA DE TECNOLOGÍA/CONOCIMIENTO: Se valorará la actividad de transferencia del grupo en términos de contratos y convenios conseguidos con empresas y organismos públicos, el interés de esas actividades de transferencia para la sociedad o la industria, y la financiación total obtenida. Como en los demás criterios, la valoración tendrá en cuenta el tamaño del grupo y el área científica de la que se trate. La creación

de empresas, patentes y registros de propiedad intelectual en explotación serán también valoradas en este apartado. Asimismo, se valorarán otras actividades no remuneradas que supongan una transferencia real de conocimiento y tengan impacto social. Las escalas de valoración de los grupos son:

- A: Se despliega gran actividad de transferencia y/o de difusión del conocimiento, con implicación del grupo en órganos institucionales o en comisiones que asisten en la toma de decisiones políticas fuera de su entorno geográfico más cercano, a nivel nacional o internacional.
- B: Buena actividad de transferencia. Se firman múltiples contratos y/o convenios con empresas u organizaciones para la realización de actividades de transferencia de tecnología o conocimiento, y/o se organizan de forma regular actividades de difusión del conocimiento, y/o hay presencia de miembros del grupo en órganos institucionales o en comisiones que asisten en la toma de decisiones políticas a nivel local o autonómico.
- C: Hay evidencias de que el grupo intenta realizar actividades de transferencia. Se firman algunos contratos o convenios con empresas y organizaciones, o se organizan algunas acciones de difusión del conocimiento, pero es obvio que esas actividades son marginales.
- D: Investigadores/as jóvenes que no han conseguido contratos ni convenios, ni organizado eventos de difusión del conocimiento, pero hay participaciones en esas actividades dirigidas por IPs de otros grupos.
- E: Investigadores/as que llevan ya tiempo en la universidad sin haber realizado labores de transferencia o de difusión del conocimiento, aunque hayan participado marginalmente en ese tipo de actividades dirigidas por IPs de fuera del grupo.

4. CAPACIDAD FORMATIVA: Se valorará, en relación al tamaño del grupo, la capacidad de formar investigadores. Se valorará el número de contratados predoctorales y postdoctorales, el de trabajos de fin de máster supervisados y el de tesis doctorales dirigidas por los miembros del grupo, muy especialmente las que hayan recibido mención internacional, así como otras acciones formativas al nivel de postgrado. Se tomará en consideración el número y relevancia de las publicaciones asociadas a las tesis dirigidas. Las escalas de valoración son:

- A: Se ha dirigido un buen número de tesis con proyección internacional y/o con codirecciones internacionales que han producido publicaciones internacionales relevantes.
- B: Se han dirigido algunas tesis internacionales o con codirectores internacionales, pero no demasiadas para el tamaño del grupo o han dado lugar a pocas publicaciones y de poca relevancia.
- C: Se han dirigido algunas tesis, pero sin internacionalización y con publicaciones poco importantes.
- D: No se han dirigido ni codirigido tesis aún, pero todos los miembros del grupo son jóvenes.
- E: No se han dirigido tesis en los últimos cinco años.

5. POTENCIAL DEL GRUPO: Se valorará que el grupo tenga una trayectoria investigadora creciente, consiguiendo globalmente mejores resultados cada año o manteniendo de manera continuada niveles de excelencia. Cuando un grupo ya haya sido evaluado antes, se valorará la adopción de medidas correctoras de sus debilidades o consolidativas de las fortalezas que les hubieran sido señaladas por los evaluadores.

- A: Se obtienen muy buenos niveles en todos los apartados anteriores o se observa un proceso de mejora global año a año.
- B: Se obtienen niveles muy razonables en todos los apartados anteriores y se nota un paulatino incremento de calidad en alguno de dichos criterios. Ha progresado sustancialmente en algunas de las líneas de mejora señaladas en evaluaciones previas.
- C: El grupo tiene una calidad media y su evolución, aunque positiva, es lenta o inexistente en algunos apartados. No ha progresado según las líneas de mejora señaladas en evaluaciones previas, pero hay evidencias de sus intentos por lograrlo.
- D: No se puede observar la evolución del grupo pues está constituido muy recientemente y por investigadores muy jóvenes, sin currículos destacables.
- E: De modo continuado se han mantenido niveles bajos de calidad o éstos han decrecido de modo evidente. No hay evidencias de que haya intentado corregir las debilidades ni mantener las fortalezas señaladas en evaluaciones previas.

6. EVALUACIÓN DE LOS MIEMBROS DEL GRUPO. Se valorará el CV y potencial de cada uno de ellos. Relacione los miembros que componen el grupo; describa, para cada uno, sus principales fortalezas y debilidades, y califíquelos según los siguientes criterios de valoración:

- A: Investigador excelente, de forma individual, en todos los apartados 1-5 citados anteriormente. Típicamente tendrá un sexenio activo y en los últimos cinco años acreditará un número destacado de publicaciones de excelencia en su área y habrá sido IP de proyectos competitivos y/o de transferencia. Habrá dirigido tesis que cumplirán con los requisitos de excelencia en el área. En particular esto implica que nunca un investigador predoctoral debe ser calificado con A.
- B: Investigador con muy buen nivel en varios de los apartados 1-5 anteriores, aunque le falte completar su CV en alguno de ellos. Sólo en casos absolutamente excepcionales un investigador predoctoral podría ser calificado con B.
- C: Investigador con un nivel medio en el contexto estatal atendiendo a los apartados 1-5 anteriores. A modo ilustrativo, un investigador con un sexenio activo debería ser calificado al menos con C. Algunos investigadores predoctorales destacados podrían ser calificados como C si son muy destacados por su nivel de publicaciones, estancias internacionales o actividades de transferencia.
- D: Investigador senior activo, con nivel aceptable en alguno de los apartados 1-4 anteriores, o investigador en formación (contratado predoctoral, profesor ayudante o doctor muy reciente), con pocos méritos aún.
- E: Investigadores que llevan tiempo sin conseguir logros relevantes en investigación (o que nunca los han tenido), en relación con los apartados 1-5 anteriores.

7. GRADO DE CALIDAD E IMPACTO DE LAS APORTACIONES DEL GRUPO DENTRO DE SU ÁMBITO CIENTÍFICO O TECNOLÓGICO. Al margen de la calificación individual de cada uno de sus miembros y del tamaño y composición del grupo, valore la excelencia relativa de las aportaciones del grupo, especialmente de su producción científica, en el contexto nacional e internacional, tomando en consideración las especificidades del área ANEP por la que haya solicitado ser evaluado. Se otorgará, **en relación a los últimos cinco años**, una calificación cualitativa que básicamente tiene el significado de:

- A - Excelente, calidad comparable a nivel internacional en esa área científica.
- B - Relevante a nivel nacional.
- C - Termino medio a nivel nacional, pero con posibilidad de mejorar su calidad e impacto.
- D - Aunque no tenga grandes méritos de momento, tiene potencial para mejorar. Emergente.
- E - Poco activo y con una trayectoria que hace pensar que no tiene potencial de mejora.

Indique las especificidades del área ANEP

VALORACIÓN GLOBAL DE LOS ÚLTIMOS 5 AÑOS: Reflejará la valoración global del grupo, de su trayectoria y potencial, así como el interés de la investigación desarrollada. Tenga en cuenta que, aunque las valoraciones en los apartados previos son cualitativas, esta puntuación deberá estar en consonancia con dichas valoraciones. A título orientativo, se utilizará el siguiente baremo para las contribuciones de los distintos apartados a la puntuación final (en el de evaluación de los miembros del grupo, utilícese el promedio de sus calificaciones individuales):

A = 6,5–7 puntos

B = 5–5,2 puntos

C = 3–3,5 puntos

D = 1,5–2 puntos

E = 0–0,5 puntos

<i>PUNTUACIÓN FINAL (de 0 a 50)</i>	
-------------------------------------	--

Justifique su puntuación y describa las principales fortalezas y debilidades del grupo. Puede incidir en la composición, estructura, carácter multidisciplinario y coherencia de la composición del grupo. Recomiéndele al grupo la estrategia a seguir para mejorar su calidad, impacto y capacidades. Son también procedentes acciones orientadas a conseguir el equilibrio de género en el seno del grupo.



ANEXO II

INFORME DE AVALIACIÓN DE INVESTIGADORES/AS INDIVIDUAIS



FECHA:
ÁREA ANEP:

Universidade da Coruña: Evaluación de investigadores/as individuales 2018:

Nombre:

DNI:

Año de doctorado:

Número de sexenios:

Año de concesión del último sexenio:

EVALUACIÓN GLOBAL DEL CV INVESTIGADOR DE LOS ÚLTIMOS 5 AÑOS (de A a E):

La evaluación atenderá a seis aspectos: (1) producción científica (número y calidad de las publicaciones, con especial atención a su proyección internacional); (2) financiación competitiva (financiación conseguida en convocatorias públicas competitivas, muy especialmente si son de ámbito internacional); (3) actividades de transferencia de conocimiento y tecnología (contratos y convenios con empresas y organizaciones; la creación de empresas, patentes y registros de propiedad intelectual en explotación serán también valoradas en este apartado; así mismo se valorarán otras actividades no remuneradas que supongan una transferencia real de conocimiento y tengan impacto social); (4) capacidad formativa (capacidad de formar investigadores, muy especialmente doctores con mención europea o internacional; se valorará el impacto de las publicaciones asociadas a las tesis dirigidas); (5) potencial (se valorará que el/la solicitante tenga una trayectoria investigadora creciente, consiguiendo globalmente mejores resultados cada año, o manteniendo de manera continuada niveles de excelencia; cuando ya haya sido evaluado/a antes, se valorará la adopción de las medidas correctoras de sus debilidades o consolidativas de sus fortalezas que le hubieran sido señaladas por los evaluadores); (6) grado de calidad e impacto de sus aportaciones dentro de su ámbito científico o tecnológico (excelencia relativa de sus aportaciones, especialmente las de su producción científica, en el contexto nacional e internacional, tomando en consideración las especificidades del área ANEP por la que haya solicitado ser evaluado/a).

Para la valoración en cada uno de estos apartados deberá tenerse en cuenta el tiempo transcurrido desde el inicio de la carrera investigadora del/de la solicitante y el campo científico en el que la desarrolla. La evaluación será cualitativa, referida a la siguiente escala de 5 tramos (A–E):

- A: Investigador excelente, de forma individual, en todo lo tocante a publicaciones, proyectos de investigación, formación de doctores, transferencia y potencial. En particular esto implica que nunca un investigador recién doctor debe ser calificado con A.
- B: Investigador con muy buen nivel en relación con publicaciones, proyectos de investigación, formación de doctores, transferencia y potencial, aunque le falte completar su CV en alguno de ellos. Sólo en casos absolutamente excepcionales un investigador recién doctor podría ser calificado con B.
- C: Investigador con un nivel medio atendiendo a sus publicaciones, proyectos de investigación, formación de doctores, transferencia y potencial. A modo ilustrativo, un investigador con un sexenio activo debería ser calificado al menos con C. Algunos investigadores recién doctores muy destacados por su nivel de publicaciones, estancias internacionales o labores de transferencia podrían ser calificados como C.
- D: Investigador senior activo, con nivel aceptable en alguno de los apartados 1–4 anteriores, o investigador en formación (becario predoctoral, profesor ayudante o doctor muy reciente), con pocos méritos aún.
- E: Investigadores que llevan tiempo sin conseguir logros relevantes en investigación (o que nunca los han tenido), en concreto en relación con publicaciones, proyectos de investigación, formación de doctores, transferencia y potencial.

Indique las principales fortalezas y debilidades del CV de este/a investigador/a, y formule recomendaciones para mejorar su calidad, impacto y capacidades: